

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	de Porto do Son	Porto do Son	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1334	Guía de bicicleta	2023/2024	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER LOSADA GARCÍA, LORENA LORENZO FIGUEIRAS
Outro profesorado	

Estado: En revisión INS

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil deste título, dentro do sector terciario, define a un profesional polivalente formado para desenvolver a súa actividade profesional no ámbito do lecer activo e do turismo e no das actividades de tempo libre educativo, respondendo ás demandas do mercado. do ocio deportivo e a necesidade de utilizar un vehículo tal como é, actividade físico-deportiva na transmisión de valores sociais. Dende as administracións públicas recoñécese á actividade físico-deportiva como un instrumento potente na necesaria transmisión de valores educativos, de achegamento á natureza e de respecto polo medio ambiente; Para iso, é necesario contar con profesionais formados nestas actividades e no control do risco asociado a elas; este é un compromiso da proposta deste título.

As persoas que obteñan este título desenvolven a súa actividade no ámbito das actividades deportivas-recreativas na natureza e no turismo activo, deportivo ou de aventura e en instalacións de lecer e aventura, así como en actividades socioeducativas de tempo libre, nos ámbitos de organización, desenvolvemento, promoción, seguimento e avaliación das ditas actividades e das de prevención, vixilancia e salvamento en espazos acuáticos naturais. Tamén poden desenvolver a súa actividade en unidades de intervención acuática e equipos de salvamento e primeiros auxilios.

A actividade profesional desenvólvese tanto de forma independente como por contrato, no ámbito público, xa sexa Administración xeral, autonómica ou local, e no ámbito privado, en grandes, medianas e pequenas empresas de servizos vinculadas aos sectores produtivos do deporte. turismo e tempo libre de lecer e educativo para nenos e mozos.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

- a) Deseñador de itinerarios terrestres ata media montaña.
- b) Deseñador de rutas hípcas ata o medio da montaña.
- c) Deseñador de itinerarios en bicicleta por terreos ata media montaña.
- d) Deseñador de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de expedición.
- e) Deseñador e organizador de actividades físico-deportivas recreativas guiadas polo medio natural.
- f) Encargado da prevención e seguridade nas rutas e eventos en bicicleta.
- g) Encargado da prevención e seguridade en rutas e eventos hípcos.
- h) Guía en actividades de sendeirismo, montañismo en baixa e media montaña, travesía en baixa e media montaña, e rutas nevadas de tipo nórdico con raquetas.



- i) Guía de canóns de baixa dificultade.
- j) Guía de espeleoloxía de baixa dificultade
- k) Guía de itinerarios en BTT.
- l) Guía de itinerarios ciclistas.
- m) Guía de itinerarios a caballo.
- n) Guía de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de expedición.
- ñ) Monitor de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- o) Monitor de campamentos, albergues xuvenís, casas de colonias, granxas-escola e aulas e escolas de natureza.
- p) Monitor de actividades no ámbito escolar.
- q) Monitor de instalacións de lecer e aventura.
- r) Socorrista en praias marítimas.
- s) Socorrista en lagos e encoros.
- t) Socorrista de apoio nas unidades de intervención acuática.
- u) Socorrista en actividades acuáticas no medio natural.
- v) Socorrista en actividades náutico-deportivas.

w) Socorrista nas praias fluviais.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación de equipos e recursos para rutas en bicicleta		42	20
2	Mantemento da bicicleta		30	15
3	Dirección de grupos por itinerarios en bicicleta		60	30
4	Orientación no medio natural		30	15
5	Dirección do grupo en situacións de emerxencia		24	10
6	Valoración das rutas en bicicleta		6	10

**4. Por cada unidade didáctica**

**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación de equipos e recursos para rutas en bicicleta	42

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Detallouse a información sobre a ciclabilidade, a dificultade técnica, a distancia, o desnivel e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos para a preparación de actividades por itinerarios en bicicleta
CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonomía adecuada
CA1.5 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario en bicicleta

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Indumentaria persoal e material complementario.</p> <p>OKit de ferramentas e recambios para ruta.</p> <p>Almacenamento e transporte do material e das bicicletas.</p> <p>Servizos complementarios. Transporte das persoas participantes.</p> <p>Información que cómpre transmitir ás persoas participantes sobre o itinerario.</p> <p>Normativa que pode afectar a actividade.</p> <p>Adaptación da ruta e do material a persoas con diversidade funcional. Bicicleta tandem. Handbike. Triciclo.</p> <p>Ergonomía. Bikefit. Adaptación á persoa usuaria. Regulación de elementos móbiles.</p> <p>Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases.</p> <p>Determinación do material necesario e cálculo de necesidades para actividades de un día ou varios.</p> <p>Avituallamento. Necesidades enerxéticas e de hidratación.</p> <p>Sistemas de comunicación.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Mantemento da bicicleta	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade
CA2.2 Cambiáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta, e o material de reparación deteriorado, mantendo os criterios de eficacia recomendados
CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
CA2.9 Realizáronse as accións de mantemento preventivo seguindo as instrucións establecidas polo fabricante

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>A bicicleta: partes e compoñentes básicos. Historia da bicicleta. Tipos de bicis e modalidades de práctica.</p> <p>Mecánica básica. Reparación de picadas e cambio de cámara, reposición de líquido selador, cambio de cubertas, cambio de pedais, axuste de dirección, reparación ou cambio de cadea, cambio de cables, axuste do cambio, sustitución de zapatas e axuste de freo, cambio de pastillas e centraxe de pinza de freo.</p> <p>Mecánica avanzada. Purga de freos, centraxe de roda, axuste de buxeiros, tubelizado de roda, e mantemento de forquita.</p> <p>Almacenamento da bicicleta. Posición de repouso para a transmisión.</p> <p>Transporte da bicicleta. Tipos de portabicicletas. Remolques específicos.</p> <p>Limpeza e lubricación.</p> <p>Normas de seguridade no taller e traballo con ferramenta específica.</p> <p>Normas de organización no taller.</p> <p>Mecánica e tipos de bicicleta.</p> <p>Talles e xeometrías. Elección do talle acaído.</p> <p>Zonas dun taller de bicicletas. Equipamento básico do taller, ferramentas e repostos. Materiais e produtos específicos.</p> <p>Protocolo de revisión da bicicleta previa á práctica.</p> <p>Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.</p> <p>Detección de avarías e reposición de pezas e compoñentes.</p> <p>Reparacións básicas e de emerxencia.</p> <p>Mantemento preventivo da bicicleta. Revisión do cadro, axuste de dirección, cambio de cables, centraxe e regulación de freos, estado das zapatas ou pastillas, tensión dos cables e regulación de cambios, centraxe de rodas, comprobación de desgaste da cadea, suspensións e amortecedores.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Dirección de grupos por itinerarios en bicicleta	60

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de conducción ás características do terreo e das persoas participantes	SI
RA6 - Avalía as rutas en bicicleta e analiza os datos compilados	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Analizouse a normativa relacionada con actividades no medio natural e a protección ambiental que é aplicable á preparación de itinerarios en bicicleta
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA3.1 Recolleuse a información para valorar o perfil, o nivel técnico e a experiencia das persoas participantes
CA3.2 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, o uso do material e as normas de actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
CA3.3 Explicáronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.4 Demostráronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.5 Manexouse a bicicleta de xeito seguro e eficaz por terreo variado ata media montaña
CA3.6 Estableceuse o ritmo de marcha adecuado á actividade e ao grupo
CA3.7 Adecuáronse os trazados ás dificultades do terreo e ás características das persoas participantes e dos vehículos
CA3.8 Analizouse a normativa de circulación sintetizando as normas referentes á utilización de bicicletas
CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación



**Criterios de avaliación**

CA6.2 Recolléronse datos sobre a actuación dos/das guías e as reaccións do grupo na actividade

CA6.9 Elaborouse documentación dixital e/ou impresa sobre un itinerario en bicicleta

**4.3.e) Contidos****Contidos**

Sendeiros PR-GR. Rutas establecidas. Vías Verdes. Centros BTT. Bikeparks.

Deseño, selección ou adaptación do itinerario en función das características do grupo e dos obxectivos da actividade.

Manobras de montar e desmontar da bicicleta en marcha e en parado.

0Valoracións dos itinerarios por tramos.

Determinación da dificultade física e técnica dunha ruta.

Determinación do nivel de competencia da persoa usuaria nas técnicas básicas de condución. Niveis de adquisición do dominio técnico. Erros na execución técnica e na aplicación do esforzo. Criterios de valoración. Síntomas de fatiga.

Técnicas avanzadas. Superación de obstáculos con elevación de roda dianteira e/ou traseira, desprazamento lateral simultáneo ou consecutivo de ambas rodas. Saltos. Bunny-hop.

Normativa de circulación en bicicleta. Regulamento xeral de circulación.

Normas de prevención de riscos.

Protocolo de actuación en caso de accidente.

Procedementos de condución de grupos en bicicleta. Presentación dos/das guías e da actividade ao grupo. Adaptación, comprobación e distribución do material. Distribución, organización e control do grupo. Directrices dos agrupamentos e ubicación das persoas participantes. Transmisión de normas e procedementos en ruta e en estrada. Instrucións durante a actividade. Condución por diferentes tipos de vías. Manobras concretas de cruzamento e cambios de vía. Colocación e desprazamento do técnico durante a actividade.

Respecto polo medio natural.

Cambio de velocidades e modificación do desenvolvemento en diferentes situacións. Pautas básicas de manexo do cambio.

Deseño de circuitos de habilidade en bicicleta. Enfoque recreativo e valoración do nivel técnico das persoas participantes.

Accións técnicas por terreos variados.

Técnicas de equilibrio.

Contidos
Superación de obstáculos. Freadas. Ascenso e descenso de pendentes. Curvas e trazadas. 0Elaboración de trípticos de actividade. Información de interese e edición do contido. Publicación de rutas en aplicacións específicas de internet. Compilación de información. Modelos de valoración da dificultade física e técnica dunha ruta.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Orientación no medio natural	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Oriéntase no medio natural e identifica os puntos de referencia por medio de instrumentos, mapas e indicios naturais	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Utilizáronse instrumentos, mapas e indicios naturais para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais de montaña
CA4.2 Interpretáronse o mapa, o libro de rutas ou o GPS durante o itinerario sen interferir no ritmo da ruta
CA4.3 Identificouse a simboloxía propia das descrições de rutas para bicicletas

Criterios de avaliación
CA4.4 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade
CA4.5 Elaboráronse descrições de rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Lectura e interpretación de guías, mapas, descrições de rutas e libros de ruta. OO libro de ruta para descrições de ruta en bicicleta. Identificación de puntos de referencia significativos do itinerario. Recoñecemento de puntos de interese da ruta. Identificación da ruta sobre o terreo. Seguimento de rutas e tracks con GPS ou teléfono intelixente. Ubicación e localización de waypoints sobre a ruta con GPS. Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa e sobre o terreo. Elaboración de perfís de etapa e libros de ruta. A orientación deportiva en bicicleta: MTBO.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Dirección do grupo en situacións de emerxencia	24

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia, coordinando os recursos e as medidas de seguridade, e aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas en bicicleta	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA5.1 Definiuse o protocolo en casos de perigo ou accidente
CA5.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e de evacuación en caso de accidente
CA5.3 Detállouse a información necesaria aos grupos de rescate
CA5.4 Detalláronse os sinais de socorro
CA5.5 Sinalizouse a zona de rescate
CA5.6 Realizáronse técnicas de transporte de persoas accidentadas
CA5.7 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.8 Previuse a actuación ante unha avaría mecánica irreparable durante a ruta
CA5.9 Prevíronse as actuacións dos/das guías e do grupo en caso de necesidade de evacuación dalgún compoñente do grupo

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Consignas técnicas e de seguridade.
Solucións en caso de posibles incidencias.

Contidos
Reparacións básicas e de emerxencia.  Protocolo de actuación en caso de accidente.  Protocolo de actuación en caso de accidente.  Sistemas de comunicación cos servizos de emerxencia. Procedementos de transmisión de datos sobre as persoas usuarias e a actividade.  Instrucións ao grupo en caso de accidente. Reagrupamento, asignación de papeis e tarefas.  Pautas de actuación ante a deterioración, a perda do material ou unha avaría irreparable.  Pautas de actuación ante un accidente.  Posta en práctica de alternativas á ruta prevista.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Valoración das rutas en bicicleta	6

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Avalía as rutas en bicicleta e analiza os datos compilados	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Elaboráronse fichas de avaliación da actividade
CA6.2 Recolléronse datos sobre a actuación dos/das guías e as reaccións do grupo na actividade
CA6.3 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos

Criterios de avaliación
CA6.4 Detalláronse as pautas que cómpre seguir ante posibles condutas temerarias durante a actividade
CA6.5 Xustificouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados nas rutas
CA6.6 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta
CA6.7 Propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados
CA6.8 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada
CA6.9 Elaborouse documentación dixital e/ou impresa sobre un itinerario en bicicleta

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Anotacións, libros de rutas, guías e outras fontes de información sobre itinerarios en bicicleta e rutas ciclables.</p> <p>0Valoracións dos itinerarios por tramos.</p> <p>00 libro de ruta para descricións de ruta en bicicleta.</p> <p>Elaboración de perfís de etapa e libros de ruta.</p> <p>Fichas de control de valoración da actividade: tipos.</p> <p>0Elaboración de trípticos de actividade. Información de interese e edición do contido.</p> <p>Publicación de rutas en aplicacións específicas de internet.</p> <p>Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade.</p> <p>Compilación de información.</p> <p>Modelos de valoración da dificultade física e técnica dunha ruta.</p> <p>Análise da actividade, do grupo e dos/das guías, e valoración respecto ao programa.</p> <p>Documentos de avaliación.</p>

**Contidos**

Elaboración de rexistros sobre comportamentos do grupo, actuacións do/da técnico/a ou guía, incidencias e axuste aos tempos previstos, incidencias que afecten a seguridade do desenvolvemento das actividades, e estimación do grao de seguridade da actividade.

Adecuación dos equipamentos e os materiais utilizados na actividade guiada en bicicleta.

Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras e de melloras na programación.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os alumnos, unha vez rematado o Ciclo Formativo, terán que ser capaces de:

- \* Realizar itinerarios de corta, media e larga distancia en bicicleta, e con distinto desniveis e porcentaxe de pendente (a partir de mapas de diferente escala, así como coa utilización das novas tecnoloxías: wikiloc, google earth,...
- \* Diseñar itinerarios en bicicleta adaptados a un grupo en concreto marcando todos os elementos que ten que conter.
- \* Coñecer as bases da organización da conducción dun grupo en bicicleta.
- \* Deseñar, planificar dous itinerarios diferentes e de distintos niveis de dificultade técnica e física en bicicleta.
- \* Diferenciar e nomear as pautas, características a ter en conta para a realización dun itinerario, así como as medidas de seguridade.
- \* Conducir a bicicleta en diferentes situacións, aplicando as técnicas específicas exisibles.
- \* Coñecer e describir o material persoal e complementario necesario e utilízalo correctamente nas prácticas.
- \* Describir e coñecer os compoñentes dunha bicicleta.
- \* Diferenciar diferentes tipos de bicicletas e saber recomendar a correcta en función do usuario e da utilización que lle de.
- \* Coñecer as adaptacións posibles realizables nunha bicicleta, para adaptalas ós participantes na ruta.
- \* Realizar a reparación das averías básicas na bicicleta.
- \* Coñecer e aplicar os procedementos de mantemento e almacenamento diario da bicicleta.
- \* Acadar un estado físico para afrontar un itinerario en bicicleta de duración e intensidade media.
- \* Coñecer e saber valorar os indicadores de perigo no medio, relacionados coas actividades en bicicleta.
- \* Saber instruír e dar indicacións a un grupo.
- \* Dinamizar as actividades no medio natural.
- \* Coñecer as posibles lesións máis común de accidente na bicicleta, realizar correctamente unhas primeiras actuacións, realizar as acción para poñerse en contacto cos equipos de rescate e evacuar ós feridos en caso necesario.
- \* Manexar a situación do grupo en situacións de emerxencia e estrés; por perigos obxectivos ou subxectivos, mantendo a seguridade en todo momento tanto do grupo como do propio técnico.
- \* Adoptar unha actitude de toma de decisións de cara a resolver os problemas que xurden nunha actividade como responsables de esta.

- \* Participar activamente nas actividades propostas tanto teóricas, como prácticas.
- \* Entregar os traballos solicitados pola profesora, seguindo os criterios solicitados.
- \* Adoptar unha actitude de mellora, e de superación, de cara os traballos realizados tanto teóricos como prácticos.
- \* Superar as probas solicitadas ó longo do curso.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O procedemento a seguir para realizar a avaliación das capacidades, basearase nos seguintes criterios:

Probas teóricas. Mediante a proposta dunha serie de preguntas de diferentes formatos (test, cortas, tema), que tentará avaliar os contidos impartidos.

Probas prácticas. Consistente en poñer en práctica algúnhas das habilidades que se lle supoñen nas súas capacidades profesionais.

Probas teórico-prácticas: organización e desenvolvemento de saídas en bicicleta, reparación e mantemento dos materiais.

Traballos: relacionados coas unidades didácticas, realizados tanto fóra como dentro da aula.

Reflexións de artigos relacionados cos contidos tratados que pretendan fomentar ó espírito crítico e actualizado da realidade social que rodea o mundo do cicloturismo e do uso da bicicleta para o disfrute respetuoso có medio natural.

Para obter unha avaliación positiva neste módulo é necesario superar todas as probas teóricas, prácticas ou teórico-prácticas correspondentes, así como entregar todos os traballos (de aula e de fóra de ela).

A cualificación deste módulo será numérica entre un e dez, sen decimais.

A superación do módulo requirirá unha cualificación igual ou superior a cinco.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

Probas teóricas (40%).

Probas prácticas e/ou teórico-prácticas e traballos dentro ou fora da aula (50%).

Saídas (10%).

Se nalgunha avaliación non houberse probas prácticas e/ou actividades de elaboración ou planificación de rutas ou traballos, a súa porcentaxe, sumariase á porcentaxe determinada á proba teórica.

Cando se faga mais de un examen por avaliación (sendo os exames de contidos diferentes), a nota establecerase facendo a media.

Tendo en conta que non se poden poñer decimais, a nota será a correspondente ó número enteiro que acaden (por exemplo 6,4 , no boletín iralle 6).



A nota final da asignatura establecerase facendo a media entre as notas obtidas nas tres avaliacións (é dicir, o 6,4 en lugar de o 6 que aparece no boletín), que teñen que estar aprobadas. aqueles alumnos que teñan un número decimal de 5 ou máis, redondearáselle a nota ata o número enteiro superior (por exemplo, un alumno que teña de nota de avaliación un 6,5, no boletín iralle un 7); polo contrario, cando o decimal sexa inferior a 5, a nota será o número enteiro inferior (un alumno que teña de nota de avaliación 6,25, por exemplo, levará no boletín un 6).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procederase a realizar un exame de recuperación por cada unha das avaliacións suspensas, nas última semanas de curso, podendo facelo na seguinte avaliación se o transcurso da programación e as actividades previstas o permiten. A media que se debe obter para recuperar a avaliación será de 5 pts, tendo que ter todos os traballos entregados cos criterios solicitados e o resto de apartados superados positivamente, para aprobar a avaliación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que terá un carácter continuo, sendo obrigatoria a asistencia do alumnado ás clases. O número de faltas inxustificadas que implica a perda da avaliación continua será dun 10% respecto a duración total do módulo, e no caso concreto deste módulo 16 horas (aproximadamente 20 sesións de 50 minutos).

Aquel alumnado que perda o dereito a avaliación continua, terá dereito a unha avaliación extraordinaria previa a avaliación final de módulos. onde se lle avaliará de todos os contidos que marca o currículo (incluídos aqueles correspondentes a avaliacións que o alumno/a tivese xa aprobadas) e atendendo ós seguintes criterios de cualificación:

Probas teóricas e/ou traballos (50%).

Probas prácticas e/ou teórico-prácticas (50%).

O alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de 5 ptos para superar a proba, tendo que ter superados os dous apartados, así como ter entregados os traballos solicitados.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O responsable do módulo fará o seguimento da programación, informando o resto de profesores do departamento do ciclo, a marcha das actividades programadas nas reunións de departamento; así como das alteracións na temporalización e as causas das mesmas.

A práctica docente avaliarase cos alumnos utilizando varios procedementos: a observación directa do transcurso do proceso de ensinanza-aprendizaxe, entrevista libre con alumnos/as durante as clases prácticas e/ou teóricas, a traves de listas de control a cubrir polo profesor/a, e a través de listas de control e test que se lles pasará ós alumnos/as.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os resultados obtidos da observación diaria das actividades realizadas nas primeiras semanas do curso, éstos poden ser obtidos a través de:

Test de coñecementos escrito ou oral.

Observación de coñecementos mediante preguntas orais

Realización de probas prácticas para observar o nivel de partida do alumnado

En todo caso, serán expostos na sesión de avaliación inicial.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dende o reforzo trátase de acadar os mesmos obxectivos, traballando os mesmos contidos que serán avaliados cos mesmos criterios, pero mediante estratexias metodolóxicas, secuencias ou duración diferentes.

Estes obxectivos, contidos e criterios de avaliación son os mínimos esixibles a todos os alumnos/as e que se concretizan nos apartados correspondentes da programación.

A continuación menciónanse as medidas de reforzo educativo referidas ás decisións tomadas en: qué, cómo e cando ensinar e qué, cómo, cando avaliar.

En canto as decisións relativas á organización e á secuenciación dos aprendizaxes: qué ensinar e avaliar, adóptanse as seguintes medidas:

Formular coa máxima claridade e precisión os obxectivos didácticos, contidos e resultados de aprendizaxe e compartilos co alumnado. Comprender dende o inicio de cada unidade didáctica o que se pretende con ela, favorece o desenvolvemento da autonomía para aprender dos alumnos/as e permitirle mellorar os seus progresos e /ou dificultades. Insistir nesta cuestión, cos alumnos/as con rendemento escolar insuficiente, é imprescindible para que coñezan con claridade os aspectos a recuperar.

Establecer secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos (contidos mínimos) e coñecementos de maior complexidade para algúns.

Deseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade, axustándose ao máximo ás posibilidades de aprendizaxe dos alumnos/as do grupo. Non se trata de que todos os alumnos/as teñan que realizar idénticas tarefas para acadar os mesmos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Propor tarefas abertas que supoñan distintos niveis de dificultade ou opcionais sobre os mesmos contidos, dándolle a posibilidade de elixir aos alumnos/as con dificultades. Indicarlle sobre todo a estos alumnos/as en que aspectos da actividade lles convén centrar a súa atención para acadar os obxectivos marcados.

Propoñer distintos tipos de actividades, non tanto como actividades diferentes entre sí desde o punto de vista formal, pero sí no sentido da utilidade que para o profesor/a ten en cada momento. Así, unha mesma actividade pode estar axudando a aprender ao alumno/a e dando información ao profesor/a sobre as ideas previas existentes, ou noutro caso tratarse dunha actividade de síntesis para o alumno/a e de avaliación

para o profesor/a. Tipos de actividades que se deben desenvolver nas unidades didácticas: actividades de introdución- motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento, de reforzo, de recuperación, de ampliación, de síntesis- resume, de consolidación, de avaliación.

En relación as decisións sobre como ensinar e avaliar, destacar as seguintes medidas:

Partir do nivel do alumno/a e dos seus aprendizaxes previos, tomando en consideración o que saben e pensan sobre o tema a tratar na aula.

Proporcionar situacións de aprendizaxe vinculada cos intereses, experiencias e coñecementos informais dos alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.

Insistir máis en certos contidos, sobre todo cos alumnos/as que manifesten certas dificultades de aprendizaxe no módulo.

Introducir os contidos máis xerais ou simples antes que os máis específicos ou complexos, ir do concreto ao abstracto, do próximo ao lonxano...

Presentar os contidos en espiral, que retomen os contidos abordados anteriormente. Conectar os novos contidos cos coñecementos previos, experiencias e valores, de xeito que os alumnos/as recoñezan as aprendizaxes anteriores coma requisito de acceso ás novas.

Explicar con claridade os contidos a recuperar no caso dos alumnos/as que non acadan os obxectivos propostos.

É importante que o alumnado saiba en cada momento en qué punto da unidade se está e porque se fai aquela actividade, exercicio. Por iso, é conveniente utilizar esquemas, índices, guións para que os alumnos/as poidan seguir a unidade didáctica mellor e que teñan unha visión global do conxunto do traballo a desenvolver.

Utilizar estratexias para axudar a que o alumno/a adquira os contidos, como:

-Uso de preguntas por parte do profesor/a sobre os pasos que dá para resolver as actividades: se tiña o obxectivo claro, como resolveu as dificultades de comprensión ou de execución, como verificou que o obxectivo estaba acadado... Isto axuda ao alumno/a a fixar a súa atención e tomar conciencia dos procesos que lle están permitindo resolver a súa tarefa.

-Reinterpretación das intervencións dos alumnos/as. Deste xeito, o profesor/a utiliza a información que o alumno/a lle aporta para poder brindarlle o que necesita.

-Ampliar, repetir, completar e demandar ao alumno/a máis información.

-Reflexionar co alumno/a sobre os feitos.

- Recompensar as condutas académicas e sociais de: traballo persoal, rendemento, traballo en equipo e colaboración no mesmo, respecto aos demais compañeiros e ao traballo dos mesmos, atención durante as explicacións, realización de tarefas para a casa...

-Valorar as aportacións dos alumnos/as, a pesar de que non sexan totalmente correctas.

-Comentar na clase problemas relacionados co aprendizaxe do módulo.

- Ensinarlle ao alumnado a buscar o valor positivo de aprender o que hai que estudar e facerlle entender para que serve o que estudian. Ese obxectivo pode acadarse ensinando aos alumnos/as a facerse preguntas como: Para que me piden que estudie este tema?, Qué é o que debería aprender?, Qué valor pode ter sabelo?... E, si non atopan resposta a estas preguntas é preciso que aprendan a preguntallo aos seus profesores.

-Mostrarlle nas distintas unidades a utilidade concreta do que teñen que conquistar.

- Intentar que todos teñan experiencias de éxito no que se fai.

Establecer distintas modalidades de agrupamento (gran grupo, pequeno grupo e traballo individual), priorizando agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos. A aprendizaxe entre iguais resulta en numerosas ocasións tan eficaz ou máis que aprender coa axuda do profesor/a, dada a simetría da relación e a facilidade do alumno/a de situarse na "lóxica" dos seus compañeiros. Ademais utilizar métodos de aprendizaxe que requira traballar en pequenos grupos, permite que o profesor/a dedique eses tempos a prestar unha atención máis personalizada aos alumnos/as que a requiran.

Explicar ao alumnado cal a temporalización prevista para as unidades didácticas e procurar cumprilo, priorizando os contidos máis importantes no caso de desaxustes na temporalización. Considerar diferente tempo

para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe, por exemplo conceder máis tempo nas probas de avaliación.

Utilizar recursos e materiais diferenciados para a presentación da información , gráficos, audiovisuais, textos, debuxos, manipulables...- que respondan aos distintos estilos de aprendizaxe de alumnos/as e as modalidades posibles de entrada da información. Así, por exemplo, ante a presenza de alumnos/as con serios inconvenientes para seguir o razoamento nunha exposición oral xeral, pódense realizar períodos de información máis cortos e pautados que permitan dar resposta a esta necesidade específica.

Elixir procedementos e instrumentos de avaliación pertinentes para obter información relativa ao proceso de ensino-aprendizaxe. Deben servir para coñecer as dificultades ou bloqueos de cada alumno/a, de modo que se poidan adoptar as medidas pedagóxicas máis convenientes.

Aplicar criterios de avaliación que contemplan diferentes graos de logro, pero sempre esixindo o cumprimento dos criterios de avaliación mínimos. Valorando o proceso e o esforzo, e non únicamente os resultados finais. Valoración ponderada de diferentes aspectos nos traballos e probas.

Precisar as causas que ocasionan que determinados alumnos/as non aproveiten suficientemente as experiencias de aprendizaxe que se desenrolan no seu grupo habitual. Para eso, cabe analizar as axudas complementarias que o profesor/a ofrece a estes alumnos/as para que efectúen as súas aprendizaxes e a disponibilidad do alumno/a para a aprendizaxe e as súas posibilidades.

Nas decisións sobre cando ensinar e avaliar, teñen relevancia as seguintes medidas:

Realizar unha avaliación inicial sempre que se comence unha unidade didáctica para detectar as ideas previas dos alumnos/as, pois non tería sentido empezar o traballo sobre os novos contidos mantendo as actividades programadas, se estas requiren utilizar coñecementos previos que o grupo de alumnos/as non ten adquiridos. Tamén pode ocorrer que só se detecten este tipo de "lagunas" nalgúns alumnos/as, neste caso, pódese optar por modificar o ritmo ou a vía de introdución dos novos contidos para quen o necesite ou ben adicar algún tempo a repasar ou afianzar coñecementos xa adquiridos polo resto do grupo, de modo que o traballo resulte útil para todos.

Facer unha avaliación durante o proceso ou formativa seleccionando diversos procedementos e instrumentos para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe e poder proporcionar " sobre a marcha" as axudas necesarias para que cada alumno /a prograse. Nesta línea é importante:

- Corrixir e comentar as probas na aula e orientar os traballos despois da súa revisión.
- Adicar tempo das sesións de clase para traballar aqueles aspectos nos que se aprecien dificultades.

Desenvolver unha avaliación sumativa, para comprobar os resultados de aprendizaxe, facer un balance e contrastar o aprendido globalmente por cada alumno/a ao final da unidade.

Adoptar medidas pedagóxicas que respondan ás necesidades do alumnado do grupo e lles axude a mellorar os seus aprendizaxes respecto aos obxectivos marcados tras facer un seguimento da realización das súas actividades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Traballaremos a educación en valores de xeito transversal mediante actividades relacionadas coa vida diaria e dirixidas a resaltar a importancia da sostibilidade, comportamento ético e responsable.

Concienciar no respecto a intimidade e privacidade.

Fomentar a autoestima, a iniciativa emprendedora, a capacidade de liderazgo e a independencia na toma de decisións.

Traballar o respecto a contorna natural como eixo principal na actividade diaria

Este punto é o que queremos deixar claro a responsabilidade de titular neste ciclo. Distinguimos este perfil Guía no medio natural e de tempo libre como un perfil cunha gran carga de responsabilidade, xa que será o/a responsable da vida, nalgúns momentos e actividades, do grupo de persoas que leve ó seu cargo. Polo que unha disciplina coherente, tanto na forma de traballar, responsabilidade, superación, expresión oral, expresión escrita, aptitudes, indumentaria, habilidade, relacións públicas, marketing, etc... Polo que recalcamos como moi importante cumprir uns mínimos valores para poder pasar este módulo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste curso temos previsto realizar as seguintes actividades:

\* Circuito de educación vial dirixido ao alumnado de 1º da ESO

\* Visita un centro BTT de Galicia

\* Ruta do fin do mundo (Porto do Son - Fisterra)

Poderán realizar as saídas pedagóxicas ofertadas polo departamento aqueles alumnos/as que:

- demostren os coñecementos mínimos aprendidos para o seu correcto aproveitamento
- unha condición física axeitada para esa actividade
- así como estar en condicións saudables tanto física como mentalmente, sen restricións da práctica deportiva sempre que se poda garantir a seguridade do propio alumno e do grupo.

Estes coñecementos e o nivel de condición física serán avaliados polo profesorado que realice dita actividade, podéndose tratar do resultado da realización de probas (traballos, probas escritas, físicas, rutas...) ou do seu comportamento e actitude (faltas de asistencia, faltas disciplinarias, participación na preparación da actividade...).

Adxuntase ó final das programacións dos módulos, as saídas complementarias e extraescolares previstas para este curso.